



BOP

VENRES, 22 DE MARZO DE 2024

N.º 069

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Acordo do 29 de febreiro de 2024 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica Parque eólico Airas nos concellos de Alfoz e Mondoñedo (Expediente 121-EOL).

Con data 3 de xaneiro de 2024, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais ditou resolución pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 28 de decembro de 2023, polo que se outorga a declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Airas, sito nos concellos de Alfoz e Mondoñedo, promovido por Fergo Galicia Vento-Alfoz, S.L.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo o presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Alfoz e Mondoñedo deducida da que se someteu a información pública no Diario Oficial de Galicia do 15 de xaneiro de 2024, para que comparezan o día 13 e 14 de maio de 2024 no concello de Alfoz sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Destá convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Alfoz, e Mondoñedo estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 29 de febreiro de 2024.- O xefe territorial, P.a. (artigo 41.3 Decreto 116/2022, do 23 de xuño), O xefe do Servizo de Industria, Juan Carlos Morán del Pozo

Anexo

Relación de bens e dereitos afectados parque eólico Airas

ID	Propietario		Parcela				Afeccións (m2)							
	Nome e apelidos	Enderezo	Datos catastrais			Paraxe	Cultivo	Pleno Dominio			Servidume de Paso			Servidume de Voo
			Concello	Pol.	Parcela			Zapata	Plataforma	Subestación	Vías	Vías + Gabias	Gabias	
6	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	69	545	Coto Redondo	Piñeiral Maderable				4162	761	680	
15	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	56	239	Campo de Vixín	Monte Baixo				69	26	64	
17	Jesús Goas Vivero Rpte: Pilar Gonzalez Val	Vixín nº 2, As Oiras 27775 - Alfz (Lugo)	Alfoz	56	396	Campo de Vixín	Monte Baixo				1060	167	207	
30	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	56	145	Pedrouzo	Monte Baixo				1278			1029
54	Herdeiros de Alicia Martínez Lorenzo	Camino Cabanas, 54 27893 - Nois, Foz (Lugo)	Alfoz	47	28	Fraga Vella	Monte Baixo				1508	183		
55	Herdeiros de Eliseo Lorenzo Reigosa	Mor. nº 36 27775 - Alfz (Lugo)	Alfoz	47	29	Fraga Vella	Monte Baixo				539	151	10	
60	Medina Cao Díaz	Castro, 18 27776 - Alfz (Lugo)	Alfoz	47	332	Fraga Vella	Monte Baixo				1615	592	63	
68	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	47	119	Pico Grande	Monte Baixo	749	4403		4913	1348	71	9582
76	Humberto Díaz Ramil	O Río, nº 4, baixo 27880 - Burela(Lugo)	Alfoz	47	272	Pico Grande	Monte Baixo				22			85
81	Pedro Luis Fernández Expósito	A Seara 27775 - Alfz (Lugo)	Alfoz	47	277	Pico Grande	Monte Baixo							220
82	Medina Cao Díaz	Castro, 18 27776 - Alfz (Lugo)	Alfoz	47	278	Pico Grande	Monte Baixo							319
84	Medina Cao Díaz	Castro, 18 27776 - Alfz (Lugo)	Alfoz	47	280	Pico Grande	Monte Baixo							285
85	Concepción Braña Corral	Pouso, nº 6, Adelián 27773 Alfz - Lugo	Alfoz	47	281	Pico Grande	Monte Baixo							199
100	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	69	787a	Pena do Boi	Piñeiral Maderable + Via + Matorral				3053	227	439	
104	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	56	436	Fraga Vella	Monte Baixo				590	91	26	151
105	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	56	435	Fraga Vella	Monte Baixo				153	3	9	725
119	José Reigosa Lorenzo	Aldea nº 11 27749 - Figueiras, Mondoñedo (Lugo)	Alfoz	56	421	Fraga Vella	Monte Baixo							61
123	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	56	414	Fraga Vella	Monte Baixo				979	390	51	
126	María Carmen Galdó Moirón y Enrique Luís Lorenzo Villar	Lg. Correlos, nº 19, San Pedro de Mor 27775 - Alfz (Lugo)	Alfoz	56	403	Fraga Vella	Monte Baixo				70	22		
127	Aurelia Castro García	A Seara, nº2, San Pedro de Mor 27775 - Alfz (Lugo)	Alfoz	56	402	Fraga Vella	Monte Baixo					2		
132	Aurelia Castro García	A Seara, nº2, San Pedro de Mor 27775 - Alfz (Lugo)	Alfoz	55	400	Fraga Vella	Monte Baixo				161	90		385
133	María Carmen Galdó Moirón y Enrique Luís Lorenzo Villar	Lg. Correlos, nº 19, San Pedro de Mor 27775 - Alfz (Lugo)	Alfoz	55	401	Fraga Vella	Monte Baixo	2			16	1		
135	Descoñecido	Descoñecido	Alfoz	47	540	Fraga Vella	Monte Baixo					6		
139	Mª Sol Lorenzo Marrube	Nicomedes Pastor Díaz, 3º 4 B 27001- Lugo	Alfoz	55	206	Fraga Vella	Monte Baixo							20
141	Josefa Díaz Maseda	Rúa Azalea, 3, 5º D 27004 - Lugo	Alfoz	55	208	Fraga Vella	Monte Baixo							1510
142	Mª Josefa Reigosa Lorenzo	Aldea nº 11 27749 - Figueiras, Mondoñedo (Lugo)	Alfoz	55	209	Fraga Vella	Monte Baixo							375
143	Mª Esther Reigosa Lorenzo	Aldea nº 11 27749 - Figueiras, Mondoñedo (Lugo)	Alfoz	55	361	Fraga Vella	Monte Baixo							74

R. 0663

Anuncio

ACORDO do 13 de marzo de 2024 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Becerreá. (Expediente 2020/64-ATE)

Con data 13 de novembro do 2023 a xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se recoñece en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada LMT TC BCR803/BCR804/BCR805 apoios T3,T4 e T5, cuxo peticionario é UFD Distribución Electricidad S.A, no concello de Becerreá.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Becerreá, deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 28 de abril de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 26 de maio de 2023, para que comparezan o día **18 de abril do 2024 no concello de Becerreá** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Becerreá estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 13 de marzo do 2024.- O xefe territorial, P.A. (artigo 41.3 Decreto 116/2022, do 23 de xuño), O xefe do Servizo de Industria, Juan Carlos Morán del Pozo.

Propietario		Datos catastrais	Afección					
Nº de predio	Nome e Apelidos	Ref. Catastral	Paraxe	Cultivo	Apoio	m2	MI aéreos	M2 aéreos
1	Ana Mª Vilaríño Real/ Ana Isabel Gómez Vilaríño	1061817PH541650001LK	Avda Madrid, 144	Urbano	T3	2.0		

R. 0740

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO “PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 15 de marzo de 2024, prestou aprobación as bases e convocatoria das mesmas, que rexen a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024.

Prazo de solicitude: Os interesados poderán formular as correspondentes solicitudes a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e será dun mes. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Os modelos de solicitude e de xustificación como do resto da documentación, poderán descargarse na páxina principal da Deputación Provincial en:

<http://www.deputacionlugo.org/>> Áreas de Interese > Subvencións > Axudas Plans Especiais

En cumprimento do disposto no artigo 9 de Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación do texto íntegro das referidas bases reguladoras e á publicación da convocatoria das mesmas.

BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2024

Base 1. Definición do obxecto.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable á concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2024, para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Base 2. Réxime Xurídico.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible, de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes achegadas polos interesados, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados na base 10 e adxudicar subvencións, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aos solicitantes que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios, segundo o disposto no artigo 16.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para entidades asociativas (asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, agrupacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Lugo) para a realización de investimentos en inmobles ou para equipamentos que melloren a calidade de vida local e fomenten e dinamicen o asociacionismo veciñal na provincia de Lugo (anualidade 2024) teñen por obxecto a realización de investimentos (código obxecto 1), articularase na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código axuda de Estado 1), encadrada dentro do sector económico das actividades asociativas (código sector económico 94.9). Esta axuda ten unha finalidade de fomento de actividades económicas e asociacionismo veciñal nos núcleos de poboación (código finalidade 18), sendo o impacto de xénero nulo (código do impacto de xénero 2).

- Estes códigos refírense á información para a base de datos nacional de subvencións.
- Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>.

Base 3. Crédito orzamentario.

O importe máximo destinado para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2024 para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) ascende a trescentos mil euros (300.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 4590.789 do vixente Orzamento Xeral (ano 2024), e cuxa previsión ven recollida na Liña 8.1 - Cooperación cos Concellos para o fomento de actividades económicas, mellora da produtividade e emprendemento nos núcleos de poboación e na súa contorna e no Anexo I Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo (2023-2025) cuxos obxectivos específicos corresponden a:

- 1) Garantir o acceso ás prestacións, oportunidades, servizos e calidade de vida dos habitantes dos concellos de Lugo, tendo en conta a dispersión poboacional, e baixo un estándar común independente da súa área de residencia.
- 2) Reverter o cambio demográfico e fixar poboación nos núcleos rurais tradicionais e a súa contorna mediante a súa mellora en espazos ordenados e eficaces no aproveitamento dos seus recursos.
- 3) Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas na contorna dos núcleos rurais.
- 4) Contribuír a minimizar os riscos na contorna dos núcleos rurais, especialmente a prevención de incendios.

Base 4. Carácter das subvencións.

1. As subvencións que se concedan, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2024 terán carácter voluntario e eventual e non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.
2. A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos poderá acordar revisalas ou, de ser o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.
3. En calquera caso, a Deputación Provincial de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 5. Beneficiarios: Requisitos e Obrigas.

- Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións convocadas as asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de mulleres rurais e asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, todos eles legalmente constituídos e debidamente inscritos no rexistro público correspondente, así como as agrupacións de veciños (integradas como mínimo por 3 persoas), para a realización de inversións, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo deste modo a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

Os beneficiarios deberán ter o domicilio social na Provincia de Lugo. No caso das agrupacións sen personalidade xurídica, cada un dos membros da mesma deberá ter a súa residencia na provincia de Lugo o que se acreditará co domicilio que conste no DNI ou, no seu caso, certificado de empadramento.

2. Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios.

3. Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Nestes supostos a agrupación debe ter unha conta bancaria mancomunada na que consten como mínimo tres persoas integrantes da mesma. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS e nos artigos 35 e 63 da LSG.

-Requisitos:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións, as entidades que se atopen na situación que fundamenta a súa concesión e nas que non concorra ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da LSG e nos artigos 11 e 13 da LXS. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, cada un dos integrantes da mesma deberá cumprir con estes requisitos da LSG e LXS.

-Obrigas:

Os beneficiarios estarán sometidos en todo caso ás obrigacións previstas no artigo 11 da LSG e no artigo 14 da LXS, así como os que se deriven do contido das presentes bases.

Exclusións:

En calquera caso, non poderán obter a condición de beneficiario:

- As entidades en quen concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da LSG e no artigo 13 da LXS.
- As entidades que non se achen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e que non se achen ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións.
- En ningún caso poderán acceder á condición de beneficiario cando teñan pendentes de xustificación subvenciones outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Base 6. Protección de datos de carácter persoal.

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD) e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais recabados como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes para a mellora da calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo. A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento e o cumprimento dunha misión realizada na interese pública ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.

Base 7. Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables os que se relacionan a continuación:

1. Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados a consecuencia de inversións realizadas en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teña o dereito de uso, os gastos derivados da adquisición de equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento común, os gastos derivados de obras nas traídas de auga comunitarias, os gastos derivados da mellora, adecuación do firme e sinalización de vías públicas comunais dos seus accesos e os gastos derivados de obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.
2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de maio de 2024 ao 31 de decembro de 2024.
3. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación destas bases sempre que as mesmas estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
4. Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
5. As actividades subvencionadas son:
 - a) Mellora, adecuación do firme e sinalización de vías públicas comunais dos seus accesos.
 - b) Obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade.
 - c) Adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade: mobiliario e equipamento.
 - d) Obras novas, de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas.
 - e) Construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, incluído depósitos de incendios, así como das súas captacións, canalizacións e acometidas.
 - f) Obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.
6. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente abonado dentro do prazo de execución establecido e ata á finalización do período de xustificación establecido na base 13.
7. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
8. Os gastos notariais e rexistrais, así como os de redacción de memoria ou proxecto, licenzas e taxas administrativas serán subvencionables se están directamente relacionadas coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
9. Non serán subvencionables os gastos correntes das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueres de locais ou similares, nin adquisición de elementos decorativos ou ornamentais.
10. Os beneficiarios poderán subcontratar, total ou parcialmente, nos termos establecidos no artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.

Base 8. Importe das subvencións.

1. O Importe das subvencións a conceder, por entidade solicitante, estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÁXIMO	IMPORTE MÍNIMO
6.000,00 €	1.000,00 €

2. A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% do custo da actuación subvencionada deberá ser financiada polo propia entidade beneficiaria.
3. En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.
4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.
5. Soamente se concederá unha axuda por entidade solicitante.

6. As entidades beneficiarias dunha subvención por importe de igual ou superior a 3.000 € poderán solicitar o aboamento anticipado de ata o 50% do importe da subvención, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso realizaranse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, ter sido declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

6.1 Solicitud de do anticipo (Anexo III)

6.2 Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitud achegada. Nos supostos de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica, a mesma debe ter unha conta bancaria mancomunada na que consten como mínimo tres persoas integrantes da mesma.

6.3 Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.

6.4 Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica cada un dos integrantes deberá acreditar estar ao corrente das referidas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

O centro xestor deberá axuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO I (continuación) da solicitud da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros no suposto de que o beneficiario autorizase á Deputación para solicitalos.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que no caso das agrupacións sen personalidade xurídica deberá ser acreditado por cada un dos membros que a conforman.

Base 9. Avaliación das solicitudes.

A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes.

Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e o Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos.

Base 10. Criterios de Valoración.

Para a concesión das subvencións teranse en conta os seguintes CRITERIOS DE VALORACIÓN tendo en conta unha metodoloxía comparativa.

1. Na valoración das solicitudes presentadas ponderaranse os seguintes aspectos, ata un máximo de 100 puntos:

a. Tipoloxía de proxecto puntuarase con base nos seguintes criterios específicos, que terán carácter acumulable ata un máximo de **40 puntos**:

A.1) No caso de actuacións de acondicionamento de locais, puntuarase aspectos específicos relativos á tipoloxía de proxecto para potenciar aquelas actuacións que signifiquen unha maior incidencia sobre o mantemento da actividades asociativas e veciñais, considerando aspectos como:

1.i) Obras de mellora de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: máximo de **12 puntos**.

1.ii) Obras de mellora e reparación da estrutura do edificio: máximo de **10 puntos**.

1.iii) Obras sobre fachadas, incluída a instalación ou cambio de xanelas, tellados, paramentos interiores, pavimentos ou teitos: máximo de **7 puntos**.

1.iv) Obras de instalación de fontanería, saneamento, electricidade ou calefacción: máximo de **6 puntos**.

1.v) Adquisición de equipamento ou mobiliario: máximo de **5 puntos**.

A.2) No caso de proxectos de traídas de auga, puntuáanse aspectos específicos que teñen que ver coa tipoloxía do proxecto para priorizar aqueles que implican actuacións sobre as infraestruturas da traída para minimizar as perdas de auga, a mellora da xestión e control da auga ou a optimización da eficiencia e o aforro enerxético. Teranse en conta os seguintes aspectos:

2.i) Actuacións sobre a captación, as canalizacións ou os depósitos, destinadas a reducir as perdas de auga: máximo de **14 puntos**.

2.ii) Actuacións destinadas á mellorar a xestión, a medición ou o control de calidade de auga: máximo de **12 puntos**.

2.iii) Implantación e mellora de tecnoloxía e instalacións eléctricas que permitan optimizar a eficiencia e o aforro enerxético na traída de augas: máximo de **9 puntos**.

2.iv) Actuacións sobre os elementos complementarios asociados á infraestrutura da traída (camiños de acceso, valados, etc.): máximo de **5 puntos**.

A.3) No caso de actuacións en vías públicas e accesos comunais, puntuaranse aspectos específicos que teñen que ver coa mellora da accesibilidade e mobilidade do rural. Teranse en conta os seguintes aspectos:

3.i) Obras de mellora do firme do camiño (zahorra, formigón, mezcla asfáltica, aglomerado, etc.): máximo de **13 puntos**.

3.ii) Obras de mellora da infraestrutura funcional do camiño (construción de tajeas, instalación de biondasetc.): máximo de **9 puntos**.

3.iii) Obras que melloren a seguridade vial (instalación de espellos de seguridade convexos, redutores de velocidade, etc.): máximo de **7 puntos**.

3.iv) Actuacións de sinalización no camiño: máximo de **6 puntos**.

3.v) Actuacións sobre elementos complementarios (valados, muros...): máximo de **5 puntos**.

A.4) No caso de actuacións para acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna, puntuaranse os proxectos que poñen en valor o patrimonio local téndose en conta os seguintes aspectos:

4.i) Obras de recuperación de elementos abandonados ou en mal estado: máximo de **14 puntos**.

4.ii) Obras de mellora de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: máximo de **10 puntos**.

4.iii) Obras de acondicionamento que conleven unha mellora na contorna (obras de axardinamento, obras de integración paisaxística, etc): máximo de **9 puntos**.

4.iv) Actuacións complementarias ou equipamentos que engadan valor patrimonial á infraestrutura: máximo de **7 puntos**.

b. O Interese social da actuación valorarase ata un máximo de **25 puntos**.

A puntuación a outorgar a cada unha das actuacións será en función dos criterios de utilidade, necesidade, interese e urxencia das actuacións, coma dos obxectivos que se pretenden conseguir coa súa realización e impacto no entorno da actuación así como na mellora da calidade de vida e da optimización dos recursos para a vida rural. Cualificarase a memoria da actuación como insuficiente, suficiente, boa e moi boa segundo a seguinte puntuación:

b.i) Moi boa: máximo de **25 puntos**

b.ii) Boa: máximo de **15 puntos**

b.iii) Suficiente: máximo de **5 puntos**

b.iv) Insuficiente: máximo de **0 puntos**

c. Viabilidade do proxecto presentado. Para a valoración deste epígrafe valorarase ata un máximo de **20 puntos**.

1. Proxectos fundamentados cunha estrutura interna clara e coherente, nos que se desenrole pormenorizadamente o contido dos mesmos, e dos que se deduza a súa viabilidade, máximo de **20 puntos**.
2. Proxectos definidos dunha maneira xeral, sen desenvolver pormenorizadamente o contido dos mesmos e dos que se deduza a súa viabilidade, máximo de **10 puntos**.

d. A optimización dos recursos dispoñibles tendo en conta o número de usuarios que se beneficiarán da obra ou actuación prevista segundo certificación/declaración presentada debidamente xustificado; de non presentarse ou entenderse pola Comisión non xustificado, tomaranse como datos os últimos publicados no INE da entidade singular na que se realice a actuación, valorarase ata un máximo de **10 puntos**.

a) Mais de 50 usuarios: **10 puntos**.

b) Entre 21 e 50 usuarios: **6 puntos**.

c) Entre 11 e 20 usuarios: **4 puntos**.

d) Ata de 10 usuarios: **2 puntos**.

e. A calidade da documentación presentada valorarase ata un máximo de 5 puntos, tendo en conta os seguintes aspectos:

Aquelas solicitudes correctas e completas e sobre as que non hai que requirir emenda nin achega de documentación complementaria.

A claridade expositiva da memoria de actuacións.

No caso de empate na puntuación final entre dúas ou mais solicitudes, a orde de prelación establecerase con base na data e hora de presentación da solicitude. Naqueles supostos nos que, ao amparo do establecido na base 11, requirísese ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por data e hora de entrada da solicitude aquela en que devandito requirimento estivese correctamente atendido.

Base 11. Iniciación. Solicitudes

As entidades que queiran solicitar subvencións no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2024 deberán formular a súa solicitude nos modelos normalizados dispoñibles na Páxina Web da Deputación <http://www.deputacionlugo.gal> e asinados electrónicamente agás no suposto de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, na forma determinada no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cabe a posibilidade de que as solicitudes sexan presentadas directamente no Rexistro Xeral da Deputación onde se realizará a comprobación dos datos identificativos da persoa física ou xurídica a efectos do seu rexistro electrónico.

As persoas xurídicas deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo I Persoas xurídicas, que versa sobre os datos da entidade solicitante e do proxecto.
- b) Anexo I- Continuación, Persoas xurídicas que recolle unha declaración que abarca o seguinte:
 1. Declaración das axudas concedidas ou solicitadas a administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
 2. Declaración onde se recolle o desglose do financiamento para o cal se solicita a subvención
 3. Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se acompañan son certos.
 4. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 5. Declaración onde consta que a entidade solicitante posúe a titularidade ou ten o dereito de uso por calquera título válido en dereito sobre os terreos ou inmobles sobre os que se vai a desenvolver o proxecto subvencionado.
 6. Declaración onde consta que a entidade solicitante obterá as licenzas e autorizacións preceptivas para a execución da actuación obxecto da subvención.
 7. Declaración de que entidade solicitante acepta as bases da convocatoria.

8. Declaración sobre se a entidade solicitante asumirá ou non o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por ter a posibilidade ou non de compensalo ou recuperalo.
9. Autorización ou non para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.
10. Declaración da documentación que se achega xunto coa solicitude.

Xunto co modelo normalizado de solicitude (Anexo I e Anexo I –continuación-) as entidades solicitantes deberán remitir a documentación que se indica a continuación:

c) Certificación emitida e debidamente asinada polo secretario ou secretaria da entidade solicitante (Anexo II), na que se faga constar:

– O acordo do órgano competente da entidade solicitante, polo que se aproba participar nesta convocatoria de subvencións e o nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Deputación de Lugo.

– O número de usuarios beneficiarios da actuación subvencionada debidamente xustificado.

d) Memoria valorada da actuación que se vai a realizar e que será debidamente asinada pola persoa representante da entidade;

No suposto de realización de obras, dita memoria valorada deberá ser asinada por técnico competente; co seguinte contido mínimo para posibilitar a valoración da solicitude con relación aos criterios establecidos na base 10:

- Proxecto/Memoria descritiva das actuacións que inclúa a explicación da utilidade, necesidade, interese e urxencia do proxecto e os obxectivos que pretenden conseguir coa súa execución

- Planos e/o fotografías que evidencien a situación da instalación antes da execución da obra.

- Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario, e incluírá o imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa de aplicación.

No suposto de que non se trate da realización de obras (equipamentos) dita memoria deberá acompañarse de facturas proforma.

En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

e) Copia dos Estatutos.

f) Copia do NIF da entidade

g) Copia do DNI do representante da entidade.

h) Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros.

i) Solicitude de autorización previa para a subcontratación (Anexo IV).

As agrupacións sen personalidade xurídica deberá presentar a seguinte documentación:

a) Anexo I Agrupacións, que versa sobre os datos da agrupación solicitante e do proxecto.

b) Anexo I- Continuación Agrupacións, que recolle unha declaración de tódolos membros da agrupación que abarca o seguinte:

1. Declaración das axudas concedidas ou solicitadas a administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
2. Declaración onde se recolle o desglose do financiamento para o cal se solicita a subvención
3. Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se acompañan son certos.
4. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
5. Declaración onde consta que os solicitantes posúen a titularidade ou teñen o dereito de uso por calquera título válido en dereito sobre os terreos ou inmobles sobre os que se vai a desenrolar o proxecto subvencionado.
6. Declaración onde consta que os solicitantes obterán as licenzas e autorizacións preceptivas para a execución da actuación obxecto da subvención.

7. Declaración de que os solicitantes aceptan as bases da convocatoria.
8. Declaración sobre se os solicitantes asumirán ou non o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por ter a posibilidade ou non de compensalo ou recuperalo.
9. Autorización ou non para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.
10. Declaración sobre o número de usuarios que se beneficiarán da actuación debidamente xustificado.
11. Declaración da documentación que se achega xunto coa solicitude.
12. Datos relativos aos supostos de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica.

Xunto co modelo normalizado de solicitude (Anexo I e Anexo I –continuación-) as agrupacións solicitantes deberán remitir a documentación que se indica a continuación:

c) Memoria valorada da actuación que se vai a realizar e que será debidamente asinada pola persoa representante da entidade;

. No suposto de realización de obras, dita memoria deberá ser asinada por técnico competente; co seguinte contido mínimo para posibilitar a valoración da solicitude con relación aos criterios establecidos na base 10:

- Proxecto/Memoria descritiva das actuacións que inclúa a explicación da utilidade, necesidade, interese e urxencia do proxecto e os obxectivos que pretenden conseguir coa súa execución
- Planos e/o fotografías que evidencien a situación da instalación antes da execución da obra.
- Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario, e incluirá o imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa de aplicación.

. No suposto de que non se trate da realización de obras (equipamentos) dita memoria deberá acompañarse de facturas proforma.

En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

d) Copia do DNI de cada un dos integrantes da agrupación.

e) Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros de cada un dos integrantes da agrupación.

f) Solicitude de autorización previa para a subcontratación (Anexo IV).

As solicitudes deberán ir subscritas polos peticionarios e deberán vir acompañadas daqueles documentos requiridos nestas bases. No caso de entidades con personalidade xurídica irán asinadas polo representante das mesmas, e no caso de agrupacións sen personalidade xurídica, o Anexo I- Continuación deberá ir asinado por tódolos integrantes da agrupación e o resto da documentación polo representante nomeado.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano instrutor requirirá ao suxeito interesado para que, no prazo máximo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, o órgano instrutor poderá requirir ás entidades solicitantes para que aporten cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da solicitude ou para a súa tramitación e resolución.

Nesta convocatoria, cada entidade solicitante poderá formular unha única solicitude. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, cada persoa física so poderá formar parte dunha agrupación. No caso de presentar máis dunha solicitude, so se terá en conta a primeira presentada no rexistro.

Base 12. Acordos de Concesión e Notificacións**- Acordo de concesión provisional:**

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de acordo de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións, contados a partir do día seguinte da respectiva publicación no BOP.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

- Acordo de concesión definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións, no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instrutora Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

De acordo ao previsto no artigo 22 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, no caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial a renuncia da referida concesión no prazo máximo de cinco días hábiles a partir da publicación do anuncio ou do acordo de concesión definitiva no BOP, entenderase que aceptan a subvención.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaición de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da Lei 39/2015.

Base 13. Xustificación e aboamento das subvencións.

Non se admiten modificacións de actuacións que impliquen cambios na valoración da concesión da subvención, salvo informe favorable do técnico designado pola Deputación Provincial no que conste que ditas modificacións non supoñen unha minoración na valoración.

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 31 de marzo de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación destas bases sempre que as mesmas estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen presentarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao tramite

correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter recibido algún anticipo, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lei xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

- Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os ANEXOS están dispoñibles na Páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente agás no suposto de agrupacións de veciños):

1. ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas nas bases da convocatoria, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

2. ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se afecten á subvención.

3. ANEXO III -Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos nas presentes bases da convocatoria.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, esta declaración deberá ser asinada por tódolos integrantes da agrupación.

4. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberanse achegar todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto de xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10% do importe da subvención concedida.

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5% do importe da subvención concedida.

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2% do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

5. Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervintes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “*Recibín en efectivo na data _____*”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

6. Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan a Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade a subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizara conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras).

7. Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros. No caso das agrupacións sen personalidade xurídica deberá ser acreditado por cada un dos membros que a conforman.

8. ANEXO IV. Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos (adquisición de bens inventariables non inscribibles nun rexistro público). No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, esta declaración deberá ser asinada por tódolos integrantes da agrupación.

9. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables inscribibles nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de cinco anos. Esta circunstancia deberá facerse constar en escritura pública, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

10. Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Nos supostos de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, a mesma debe ter unha conta bancaria mancomunada na que consten como mínimo tres persoas integrantes da mesma.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro - anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Previamente á aprobación da xustificación das subvencións e como documento específico da referida conta, emitirase por técnico designado pola Deputación Provincial, certificado acreditativo de que as actuacións realizadas correspóndense coas solicitadas e xustificadas así como o gasto realizado.

O centro xestor deberá axuntar o Anexo I Continuación da solicitude, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros no suposto de que o beneficiario autorízase á Deputación para solicitalos.

No suposto de subcontratación con entidades vinculadas, a acreditación do custo realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

▪ **Base 14. Modificación da resolución de concesión**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención con corrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación do acordo da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No suposto de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pagamento da subvención realizarase de acordo co custo real do proxecto executado e xustificado, ata o límite do importe concedido menos o cinco por cento que debe asumir o beneficiario.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

▪ **Base 15. Concorrenza de axudas e subvencións públicas**

Estas subvencións son compatibles con todas as subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non obstante, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada.

Cando se produza exceso das subvencións percibidas de distintas Entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, o beneficiario deberá reintegrar á Deputación de Lugo o exceso que corresponda en proporción á subvención concedida por este, xunto cos xuros de mora que correspondan a contar dende o momento en que se percibiu o importe da subvención ata o día en que, efectivamente, procédese á súa devolución, unindo a carta de pago á correspondente xustificación.

Con todo, cando sexa a Deputación de Lugo a que advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada por este, xunto cos xuros de mora que correspondan dende o momento en que se percibiu o importe da subvención ata o día en que se acordou o reintegro.

Base 16.- Reducións.

Unha vez recibida a conta xustificativa o centro xestor revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron o acordo de resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non acade o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

Base 17.- A renuncia.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

▪ Base 18.-Modificación das bases.

As presentes bases poderán ser obxecto de modificación sempre que as mesmas estean vixentes e non se altere o contido substancial das mesmas e non se lesionen dereitos de terceiros.

▪ Base 19.-Plan de Auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1.- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2.- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- 3.- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 20.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- f) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

O procedemento para o reintegro rexerese polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Base 21.- Réxime de recursos.

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso -administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que se estime procedente.

Base 22.- Vixencia das Bases.

A vixencia das bases comezará no momento da publicación do extracto da convocatoria no BOP con efectos económicos dende o 1 de maio de 2024 e manterá a súa vixencia ata o aboamento das subvencións que, - salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2025.

Base 23.- Normativa de aplicación.

No non previsto nesta CONVOCATORIA estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa
- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- O Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo 2023-2025.

Lugo, 18 de marzo de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 0764

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 11.03.2024 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 12 de marzo de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 0741

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 11.03.2024 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de febreiro de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 12 de marzo de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 0742

CASTROVERDE

Anuncio

Procedemento: Autorizacións Especiais para a Celebración de Espectáculos e Eventos

En data 26 de febreiro de 2024 pola Alcaldía do Excmo. Concello de Castroverde adoptábase resolución sobre asunto autorización e ampliación de horarios, sendo o literal do Decreto 2024-0079 o seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE 9/2024. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE HORARIO DE PECHE DOS NEGOCIOS HOSTELEIROS DURANTE AS FESTIVIDADES 2024.

Téndose solicitado a ampliación do horario de peche de dúas horas máis do legalmente establecido dos negocios hostaleiros **durante as festividades 2024** ó Concello de Castroverde.

Visto o informe emitido por dita Consellería en data 21 de decembro de 2021 que entrou no rexistro co nº 1724 o 21 de decembro de 2021 que sinala que a lei 10/2017 do 27 de decembro establece dentro das competencias municipais “autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, supostos, e circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.”

En desenvolvemento deste artigo aprobouse a Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización de espectáculos públicos e de actividades recreativas, regulando o seu artigo 9 as ampliacións de horarios. O dito artigo sinala:

“1. Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, de 27 de decembre, os Concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peches dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, **durante a celebración das festas e verbenas populares, carnaval, semana santa e navidade**, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os Concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, os espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Visto a solicitude de ampliación referido aos seguintes períodos:

- **Carnaval** : Todas as noites desde a noite do 8 ao 9 de febreiro (xoves de carnaval) ata a noite do 12 ao 13 de febreiro (incluída).
- **Semana Santa**: todas as noites dende a noite do 22 ao 23 de marzo ata a noite do día 30 ao día 31 de marzo (incluída).
- **Festa do traballo** : a noite do 30 de abril ao 1 de maio
- **Ponte das Letras Galegas**: Todas as noites dende o día 16 ao día 17 de maio (incluída) ata a noite do 18 ao 19 de maio
- **Festividade Santiago Apóstolo**: a noite do día 24 ao 25 de xullo.
- **Festividade da Asunción**: a noite do día 14 ao día 15 de agosto (incluída).
- **Día da Hispanidade**: as noites dende a noite do 11 ao 12 de outubro ata a noite do 12 ao 13 de outubro (incluída)
- **Ponte dos Santos**: Todas as noites dende a noite do día 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 2 ao 3 de novembro (incluída).

- **Ponte da Constitución:** todas as noites desde a noite do día 5 ao 6 de decembro ata a noite do día 7 ao día 8 de decembro (incluída).

- **Festas do Nadal:** todas as noites desde a noite do día 20 ao 21 de decembro de 2024 ata a noite do día 5 ao día 6 de xaneiro de 2025 (incluída).

4. En todos os supostos anteriores, **as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.**

5. Os Concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un **máximo de 2 horas.**

Visto o disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017, de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos públicos e das actividades recreativas, RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar a ampliación para todo o termo municipal de Castroverde **en 2 horas os horarios xerais de peche de establecementos públicos e das actividades recreativas** durante as festividades 2024, que abrangue os períodos antes sinalados.

Segundo.- Publicar o presente acordo aos efectos de xeral coñecemento.

Terceiro.- Notificar a presente resolución a asociación provincial de empresarios de hostelería y turismo de Lugo.

Ordénao e asínao o Sr. Alcalde, na data electrónica ao marxe.

Pola Secretaria tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións, aos sos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

Castroverde, 15 de marzo de 2024.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0743

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 13 de marzo de 2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao sexto bimestre do ano 2019.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 14 de marzo de 2024 ata o 13 de maio de 2024. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 13 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0744

LOURENZÁ

Anuncio

Visto que se detecta un erro no punto SEGUNDO da Resolución da Alcaldía de data 19 de xullo de 2023 sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local delegación de competencias da alcaldía nela, na que se fai referencia o seguinte:

“SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e último venres de cada mes, ás 10:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía.

Realizará a primeira sesión constitutiva o día vinte e un de xullo do dous mil vinte e tres ás dez horas (21/07/2023), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

De conformidade co establecido nos artigos 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Polo anterior, esta Alcaldía, no uso das atribucións que legalmente lle foron conferidas, **RESOLVE**:

Primeiro.- Rectificar o erro no punto SEGUNDO da Resolución da Alcaldía de data 19 de xullo de 2023 sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local delegación de competencias da alcaldía nela, como segue:

Onde di:

“SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e último venres de cada mes, ás 10:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía.

Realizará a primeira sesión constitutiva o día vinte e un de xullo do dous mil vinte e tres ás dez horas (21/07/2023), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Debe dicir:

“SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará a sesión ordinaria o último venres de cada mes, ás 10:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía.

Realizará a primeira sesión constitutiva o día vinte e un de xullo do dous mil vinte e tres ás dez horas (21/07/2023), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de anuncios desta entidade.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

Lourenzá, 15 de marzo de 2023.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0745

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZAFEBREIRO 2024

Por Xunta de Goberno Local do día 04.03.2024 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de febreiro de 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 20.03.2024 ata o 20.05.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 8 de marzo de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0746

QUIROGA

Anuncio

Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 1 de marzo de 2024 aprobáronse as bases reguladoras, que se inclúen como **anexo I**, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para as actuacións de rehabilitación a nivel barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Boletín Oficial del Estado núm. 239, do 6 de outubro), que se tramitará co **código de procedemento VI406T**.

Entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

RESOLUCIÓN do 01 de Xuño de 2023 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2024 (**código de procedemento VI406F**).

As axudas para actuacións de rehabilitación a nivel veciñal constitúen un dos cinco piares sobre os que se articula o plan integral de rehabilitación residencial, dotado con 3.420 millóns de euros e incluído no investimento 1 do compoñente 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR): **Implantación da Axenda Urbana Española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana**.

O programa articula axudas para a rehabilitación de edificios de uso predominante mente residencial e vivendas, incluídas as unifamiliares, e para a rexeneración e renovación urbana en determinados barrios ou contornas urbanas. Para iso, o ámbito da actuación debe delimitarse como Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP), o que implica que debe reunir dúas condicións: ser un barrio ou zona delimitada territorialmente pola Administración local ou autonómica correspondente (pode ser discontinuo) e que polo menos o 50% da superficie edificable sobre rasante, excluída a planta baixa, teña como uso principal uso residencial.

No Boletín Oficial del Estado núm. 239, do 6 de outubro de 2021, publicouse o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O citado real decreto, segundo establece no seu artigo 1, ten por obxecto regular os programas de axuda nos ámbitos da rehabilitación de vivenda e da vivenda social, dentro do marco xeral do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e, especificamente, en relación cos investimentos C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» e C02.I02 «Programa de construción de vivendas en alugamento social en edificios enerxeticamente eficientes», incluídas ambos os dous dentro da compoñente 2 «Implementación da Axenda Urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana». A finalidade deste real decreto é, polo tanto, contribuír ao cumprimento dos obxectivos do citado plan nos referidos ámbitos da rehabilitación de vivenda e da vivenda social, contribuíndo a alcanzar as metas establecidas ao longo do período de aplicación do plan.

O réxime xurídico, normativa específica aplicable, requisitos e obrigas das persoas e entidades beneficiarias e o procedemento de concesión será o establecido por este real decreto, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como o establecido na normativa autonómica que resulte de aplicación e nas convocatorias que aprobe cada comunidade autónoma ou cidade de Ceuta e Melilla, así como no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, «Regulamento do MRR», e demais disposicións que articule o MRR e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR). En defecto do previsto nesta normativa aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puideran resultar aplicables. Así mesmo, ao regular o dito real decreto actuacións incluídas nos referidos investimentos C02.I01 e C02.I02 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, estará suxeito ás disposicións que resulten aplicables do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Cando as destinatarias últimas das axudas sexan persoas ou entidades que realicen algunha actividade económica, tamén será de aplicación o Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, e o Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, conforme o establecido no real decreto, sen prexuízo do resto de disposicións, tanto do dereito nacional como da Unión Europea que puidesen resultar de aplicación, particularmente as que se aproben no ámbito da execución e xestión tanto do mecanismo de recuperación e resiliencia establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, como do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como aquelas disposicións que puidesen establecerse pola autoridade nacional responsable da aplicación dos fondos. Así mesmo, se é o caso, será de aplicación o establecido no «Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda a empresas e autónomos consistentes en subvencións directas, anticipos reembolsables, vantaxes fiscais, garantías de préstamos e bonificacións de tipos de xuros en préstamos destinadas a respaldar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19».

O 30 de setembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial del Estado, núm. 234, a Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e a Orde HFP 1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O sistema ten como finalidade primordial a busca da uniformidade e a definición das reformas e investimentos, fitos e obxectivos que integran o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, regulando aspectos como a loita contra a fraude, a corrupción e a identificación das persoas beneficiarias últimas das axudas, así como dos contratistas e subcontratistas.

Neste sentido, a Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, establece no seu artigo 8 a obriga das entidades decisorias e executoras de incluír nas súas respectivas convocatorias de axudas unha serie de requisitos en relación coa identificación das persoas beneficiarias destas. O dito artigo dispón que:

«Coa finalidade de dar adecuado cumprimento ao mandato establecido na letra d) do punto 2 do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, configúrase o seguinte procedemento de incorporación de información específica: (...).

d) Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (modelo anexo IV.B).

e) Declaración responsable relativa ao compromiso do cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxectivo de xestión (modelo IV.C) (...).

Ademais, menciónase na orde a obriga de cubrir unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) polos beneficiarios que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, leven a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial que poida afectar os intereses financeiros da UE (anexo III.C.1.b).ii e d).i.B).

O punto 3.b) do artigo 9 da Orde 1030/2021, do 29 de setembro, sinala tamén que: «(...) Do mesmo modo, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo de desenvolvemento a seguinte referencia «Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU»».

Por outra parte, o artigo 10 da Orde 1031/2021, do 29 de setembro, establece para as entidades executoras do PRTR a obriga de achegar a información sobre a identificación do receptor dos fondos e, entre outros datos, a data de nacemento, se é o caso.

A Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que é o organismo encargado da xestión dos programas do citado real decreto, ao abeiro do artigo 4 do devandito real decreto, con data do 5 de novembro de 2021 notificou ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a aceptación da transferencia de crédito no contexto dos programas de axudas 1 a 5 en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, correspondentes á anualidade 2021.

No artigo 2, o Real decreto inclúe, entre os programas que regula, o Programa de axuda 1, referido ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio. O obxecto deste programa é o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados contornos residenciais de rehabilitación programada (ERRP) previamente delimitados.

No cumprimento dos obxectivos establecidos no anexo á Decisión de Execución do Consello (CID, na súas siglas en inglés), do 16 de xuño de 2021, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, a concesión e execución das axudas deste programa apoiará o cumprimento dos seguintes obxectivos:

a) Obxectivo nº 27 do CID: finalización das actuacións de renovación de vivendas, cun aforro medio de, polo menos, un 30 % de enerxía primaria (231.000 actuacións de renovación en, polo menos, 160.000 vivendas únicas), o cuarto trimestre de 2023.

b) Obxectivo nº 28 do CID: hectáreas en zonas ou barrios renovadas, cun aforro medio de, polo menos, un 30 % de enerxía primaria (600 Ha), o segundo trimestre de 2026.

c) Obxectivo nº 29 do CID: finalización das actuacións de renovación de vivendas, cun aforro medio de, polo menos, un 30 % de enerxía primaria (510.000 actuacións de renovación en, polo menos, 355.000 vivendas únicas), o segundo trimestre de 2026.

Esta resolución regula o procedemento a través do cal as persoas interesadas poden participar no programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e abre o prazo para que soliciten a participación neste programa na anualidade de 2022.

En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

1. Convocatoria e bases reguladoras.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como **anexo I**, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para as actuacións de rehabilitación a nivel barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Boletín Oficial del Estado núm. 239, do 6 de outubro), que se tramitará co **código de procedemento VI406T**.

2. Solicitudes.

2.1. Para poder ser entidade beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como **anexo I** desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 10 das bases reguladoras.

2.2. As solicitudes deberán presentarse na forma e no prazo establecidos no artigo 9 das bases reguladoras.

3. Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos 3 meses contados desde a data de presentación da solicitude.

4. Información ás persoas interesadas.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional no Concello de Quiroga, a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web oficial do Concello de Quiroga: <https://concellodequiroga.com/es/>

b) Nos teléfonos 982 42 80 01 e 982 42 83 97

c) No enderezo electrónico: rehabilitacion.quiroga@eidolocal.es

5. Réxime de recursos.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o Concello de Quiroga, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial Provincial.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

6. Base de datos nacional de subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

7. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial Provincial.

Quiroga, 1 de Marzo de 2024.- Alcalde-Presidente do Concello, José Luis Rivera Castro.



Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para as actuacións de rehabilitación a nivel barrio, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento VI406F).

artigo 1. Obxecto e réxime xurídico

1. Estas bases reguladoras teñen por obxecto establecer as condicións para a concesión de axudas a ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Boletín Oficial del Estado núm. 239, do 6 de outubro).

2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

3. Para o non establecido nestas bases, aplicarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Na falta do previsto nesta normativa aplicaranse as normas de dereito administrativo. As axudas obxecto desta convocatoria réxense, ademais, polas normas comunitarias aplicables por razón do financiamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas, en particular polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia; Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o

seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; pola Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia; e pola Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021

artigo 2 Financiamento e concorrencia

1. As axudas previstas nesta convocatoria financiaranse cun crédito total de 300.000 euros.
2. Estas axudas están financiadas ao 100 % polos fondos NextGenerationEU a través do Mecanismo europeo de recuperación e resiliencia establecido polo Regulamento (UE) nº 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoio da recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do compoñente 2: Implementación da Axenda Urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana, liña de investimento 11. O dito financiamento queda legalmente vinculado á realización das actuacións subvencionadas, medidas integradas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.
3. A modificación da distribución inicialmente aprobada rexeráse segundo o previsto no artigo 26.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, de ser o caso, o reaxuste de anualidades farase de acordo co preceptuado no artigo 17 do mesmo corpo legal.
4. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.
5. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e quedará suxeito ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352, do 24 de decembro).

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e ao ser unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas ata que se esgote o orzamento da convocatoria. Non obstante, naqueles supostos en que se lles requira aos solicitantes a emenda dos erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada a data en que o dito requirimento estea correctamente atendido. Considerarase esgotado o orzamento cando se efectúe o rexistro da última solicitude de axuda que totalice o importe total do crédito desta convocatoria.

artigo 3 Réxime de compatibilidade das subvencións

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública concedida para o mesmo obxecto, sempre que non se supere o custo total da actividade subvencionada e sempre que a regulación das outras axudas xa sexan de ámbito nacional ou europeo o admitan, nos termos previstos no artigo 17 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

artigo 4 Persoas beneficiarias

1. Ao abeiro do artigo 13 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, poderán ser persoas destinatarias últimas destas axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación. Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumido por cada un.
2. As persoas destinatarias últimas das axudas ou, de ser o caso, o axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta deles, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, se é o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou entidades que estean incursas nalguna das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás a da letra e) dos citados artigos, ben que non poderá procederse ao pagamento da axuda en tanto non se acredite estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

artigo 5 Actuacións subvencionables

1. De conformidade co artigo 14 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, son subvencionables as seguintes actuacións:

a. As actuacións de mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominante residencial para vivenda cos límites de investimento máximo subvencionable establecidos no artigo 15 do dito real decreto, sempre que se obteña unha redución de, polo menos, o 30 % do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética. En edificios situados nas zonas climáticas C, D e E, segundo a clasificación climática do Código técnico da edificación, debe, así mesmo, conseguirse unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio, segundo corresponda, de polo menos:

- Zonas climáticas D e E: un 35 %.

- Zona climática C: un 25 %.

Os edificios protexidos oficialmente por ser parte dunha contorna declarada ou en razón do seu particular valor arquitectónico ou histórico, nos que estean limitadas as actuacións sobre os elementos que compoñen a envolvente térmica, non terán que cumprir coa redución de demanda establecida no punto anterior. Non obstante, aqueles elementos da envolvente sobre os que se poida intervir deben cumprir cos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos na táboa 3.1.1.a – HE1 y 3.1.3.a – HE1, do documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código técnico da edificación.

Así mesmo, nos edificios nos que se realizaran nos últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética nas que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior á establecida anteriormente nesta mesma letra, quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración.

Cando nas ditas intervencións non se alcance unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida poderá considerarse satisfeito o requisito, se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as que se realicen na actuación obxecto da solicitude se alcanzara a correspondente porcentaxe de redución de demanda establecida, o que deberá acreditarse mediante a correspondente certificación de eficiencia enerxética.

b. As actuacións de urbanización, reurbanización ou mellora da contorna física no ámbito delimitado polo ERRP complementarias ao desenvolvemento das actuacións de mellora da eficiencia enerxética nos edificios residenciais.

c. A prestación de servizos de oficina de rehabilitación, tipo «portelo único», que facilite a xestión e o desenvolvemento das actuacións programadas no ERRP.

2. Entre as actuacións subvencionables incluíranse aqueles gastos necesarios para o desenvolvemento do conxunto de actuacións anteriores, incluíndo os da xestión inherente ao desenvolvemento das actuacións e os gastos asociados, os de honorarios dos profesionais intervinientes, os de redacción dos proxectos e dirección de obra, certificados e informes técnicos, os derivados da tramitación administrativa, actuacións de realoxo temporal de ocupantes, acompañamento social e outras similares, vinculadas ás actuacións de desenvolvemento do ERRP. Non se consideran custos subvencionables os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

3. As actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade á data que se sinale na correspondente convocatoria municipal, sen que en ningún caso poida ser anterior ao 1 de febreiro de 2020.

4. As actuacións obxecto de financiamento a través deste programa deberán estar finalizadas antes do día 30 de xuño de 2026.

artigo 6 Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables os que se describen a continuación:

a. Gastos necesarios para o desenvolvemento do conxunto das actuacións anteriores, incluíndo os da xestión inherente ao desenvolvemento das actuacións e gastos asociados.

b. Os honorarios dos profesionais intervinientes.

c. Os de redacción dos proxectos, memorias técnicas e dirección de obra.

d. Certificados e informes técnicos.

e. Os derivados da tramitación administrativa.

f. Actuacións de realoxo temporal de ocupantes, acompañamento social e outras similares, vinculadas ás actuacións de desenvolvemento do ERRP.

Non se consideran gastos subvencionables os correspondentes a licencias, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE ou imposto indirecto equivalente, poderán ser considerados exelibles sempre e cando non podan ser susceptibles de recuperación ou compensación total ou parcial.

O Concello de Quiroga aplicará as exencións de pagamento de licenzas e taxas municipais para as obras solicitadas.

Artigo 7. Compromiso de non causar dano significativo ao ambiente

1. As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución deberán garantir o pleno cumprimento do principio de «*non causar prexuízo significativo*» (principio «do no significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

2. As actuacións financiadas da liña 1 cumpriran co indicado na etiquetaxe climática establecida, co seguinte peso ou porcentaxe das seguintes etiquetas climáticas:

025bis: Rehabilitación enerxética de edificios cun aforro medio de enerxía primaria de ao menos nun 30%, cunha contribución a obxectivos climáticos do 100 % e cunha contribución a obxetivos medioambientais dun 40%.

3. En todo caso, as persoas beneficiarias preverán mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «*non causar prexuízo significativo*» (principio «do no significant harm-DNSH») para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

4. Segundo as regulacións do principio, nas actuacións de rehabilitación as persoas beneficiarias deberán ter en conta o seguinte:

a. Na rehabilitación de edificios teranse en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) nº 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.

b. As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección no caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado...

c. Cando se instalen aparellos de auga, estes terán unha etiqueta de produto existente na Unión. Para evitar o impacto da obra, identificaranse e abordaranse os riscos de degradación ambiental relacionados coa preservación da calidade da auga e a prevención do estrés hídrico, de acordo cun plan de xestión de uso e protección da auga.

d. No caso de que o proxecto responda á definición do artigo 5.3.b) da Lei 21/2013, de avaliación de impacto ambiental (AIA), e estea incluído nalgún dos supostos de avaliación de impacto ambiental (AIA) recollidos no artigo 7 da citada lei, as persoas beneficiarias deberán contar coa declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto favorable á súa execución ou o informe de impacto ambiental favorable do proxecto, segundo se trate de avaliación de impacto ambiental ordinaria ou simplificada, respectivamente.

e. Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 /EC) xerados, nas actuacións previstas neste investimento, será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

f. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

g. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmontaxe ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados

para seren máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

h. Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de substancias suxeitas á autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) nº 1907/2006 do Parlamento e do Consello. Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehído por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles cancerixenos de categorías 1A e 1B por m³ de material ou compoñente, logo de proba de acordo co CEN/TS 16516 e ISO16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables.

Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de solos e auga.

5. As persoas beneficiarias deberán garantir que os equipamentos IT (Information Technology) cumpran cos requisitos relacionados coa enerxía establecidos de acordo coa Directiva 2009/125 EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadoras e servidores de computadoras ou pantallas electrónicas.

Nestas adquisicións activaranse medidas para asegurar a compra daqueles equipamentos enerxeticamente eficientes, que sexan absolutamente respectuosos co Code of conduct for ICT da Comisión Europea, e tomaranse medidas para que aumente a durabilidade, a posibilidade de reparación, de actualización e de reutilización dos produtos, dos aparellos eléctricos e electrónicos implantados.

6. incumprimento do principio de DNSH e a etiquetaxe climática dará lugar á obriga de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Artigo 8. Contía da axuda

1. De conformidade co disposto no artigo 15 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total das actuacións a desenvolver, segundo os criterios de fixación de contías establecidos na táboa seguinte, sen que poidan superar os límites resultantes que se describen a seguir:

a) A cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima establecida na táboa seguinte polo custo das actuacións subvencionables.

b) A cantidade obtida de multiplicar a contía máxima da axuda por vivenda, establecida na táboa, polo número de vivendas dos edificios, incrementada, se é o caso, pola contía de axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos a vivenda, fixada na mesma táboa, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado sobre rasante de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Aforro enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación	Vivenda	Locais comerciais ou outros usos
		Contía máxima da axuda por vivenda	Contía máxima de axuda por m ²
30% ≤ ΔCep,nrenv <45%	40%	8.100 €	72 €
45% ≤ ΔCep,nrenv <60%	65%	14.500 €	130 €
ΔCep,nrenv ≥60%	80%	21.400 €	192 €

Naqueles casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, á manipulación, ao transporte e á xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación.

O custo destas actuacións correspóndese co campo de intervención 025bis «Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética» do anexo VI do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.

Para financiar o custo das actuacións de urbanización, reurbanización ou mellora da contorna física, poderá destinarse ata un 15 % adicional sobre as contías máximas da axuda por vivenda que correspondan, de acordo coas actuacións de rehabilitación realizadas no ERRP, atendendo ao alcance do nivel de mellora de eficiencia enerxética establecido na primeira táboa do punto b).

Esta contía adicional non poderá superar, no conxunto do ERRP, o 100 % dos custos das actuacións de urbanización, reurbanización ou mellora da contorna física.

O custo destas actuacións corresponde co campo de intervención 131 «Rexeneración da contorna física e seguridade dos espazos públicos» do anexo VI do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.

d. Ata 800 euros por vivenda efectivamente rehabilitada para financiar o establecemento de servizos de oficina de rehabilitación, tipo «portelo único» que facilite a xestión e o desenvolvemento das actuacións programadas no ERRP, correspondentes ao custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, incluso custos de redacción de documentos técnicos, co límite do 100 % dos custos da dita oficina que consten debidamente acreditados.

O custo destas actuacións correspóndese co campo de intervención 025bis «Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética» do anexo VI do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.

2. Para a determinación das contías máximas de axuda poderán considerarse todos os custos debidamente acreditados que correspondan a actuacións subvencionables segundo o disposto no ordinal décimo noveno.

Non se poderán incluír os impostos, taxas ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

artigo 9 Axuda adicional por vulnerabilidade económica

1. De conformidade co disposto no artigo 15.2 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgunha das persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas incluídas no entorno residencial definido, e de acordo cos criterios establecidos na comisión bilateral de seguimento, poderá concederse unha axuda adicional que poderá alcanzar ata o 100 % do custo da actuación imputable ao dito propietario ou usufrutuario, de acordo cos seguintes criterios, e condicionada, en todo caso, ao cumprimento dos requisitos en materia de eficiencia enerxética no ordinal décimo noveno:

Edificio de tipoloxía residencial colectiva, por vivenda				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético		
		30% ≤ΔCep,nrenv <45%	45% ≤ΔCep,nrenv <60%	ΔCep,nrenv ≥60%
Menos ou igual a 2,1	% axuda	100%	100%	100%
	Contía máxima de subvención	20.250,00 €	23.308,00 €	26.750,00 €
Entre 2,1 e 2,6 veces	% axuda	60%	75%	90%
	Contía máxima de subvención	12.150,00 €	16.731,00 €	24.075,00 €

Vivenda unifamiliar				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético		
		30% ≤ΔCep,nrenv <45%	45% ≤ΔCep,nrenv <60%	ΔCep,nrenv ≥60%
Menos ou igual a 2,1	% axuda	100%	100%	100%
	Contía máxima de subvención	22.550,00 €	24.538,80 €	29.425,00 €
Entre 2,1 e 2,6 veces	% axuda	60%	75%	90%
	Contía máxima de subvención	13.530,00 €	18.404,10 €	26.482,50 €

2. Os ingresos sinalados nos cadros anteriores ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en función do indicador público de renda de efectos múltiples- IPREM-(14 pagas) multiplicado polo

coeficiente multiplicativo corrector que corresponda ao número de membros da unidade familiar, segundo esta táboa:

Número de membros	Coefficiente corrector
Familias de 1 membro	1
Familias de 2 membros	0,9
Familias de 3 membros	0,8
Familias de 4 membros	0,75
Familias de 5 ou máis membros	0,7

3. Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese conforme co previsto na táboa anterior.

4. No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nacidos contarán como membros da unidade familiar, para os efectos da aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto na táboa anterior, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite. O embarazo acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

5. No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das recollidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM e ponderados de acordo co previsto nos puntos anteriores, sumaranse e o resultado deberá ser inferior aos límites máximos previstos nos cadros anteriores.

6. Para os efectos do establecido neste ordinal, os termos incluídos nel interpretaranse co significado e alcance seguintes:

a. Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.

b. Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

c. Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): é o indicador definido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

artigo 10 Presentación das solicitudes

1. Cada persoa interesada, ou axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta deles, poderá presentar como máximo unha solicitude de axuda para cada liña de acción. Para este fin, utilizaranse os modelos previstos nos anexos que se adxuntan xunto co presente documento.

2. As solicitudes presentaranse en modelo normalizado (**anexo I**) no rexistro do Concello de Quiroga, preferentemente a través da oficina de rehabilitación municipal sita en Rúa Caurel S/N do termo municipal de Quiroga ou nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá a entidade interesada para que a enmende no prazo máximo e improrrogable de **10 días**, e indicarlle que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A presentación da solicitude supón a aceptación das obrigas reguladas nesta resolución para ser beneficiaria da axuda, así como a aceptación da subvención, de ser entidade beneficiaria dela.

Artigo 11. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán adxuntar coa solicitude a seguinte documentación, segundo o modelo do anexo II:

a. Documentación que acredite a plena dispoñibilidade sobre os terreos e inmobles nos que se van a desenvolver as actuacións, durante un período que, como mínimo, garanta o cumprimento das obrigas previstas no artigo 23. Deberá adxuntar documentación acreditativa da propiedade do inmovible ou calquera

outro título de disposición válido no dereito no que, ademais, se autorice a realización da actuación solicitada.

b. Proxecto da actuación a realizar ou, no seu defecto, memoria xustificativa da actuación, que deberá contar coa conformidade da persoa beneficiaria. A documentación mínima da memoria será:

- Descrición da situación actual e das actuacións que se pretenden realizar.
- Xustificación do cumprimento da normativa e en particular, do CTE-HE.
- Planos do estado actual e do estado reformado.
- Memoria de aforro do consumo de enerxía primaria non renovable estimado con respecto á situación inicial, a inversión subvencionable e a cuantía da axuda solicitada.
- Reportaxe fotográfica do ben sobre o que vaise actuar: exteriores, interiores e da contorna, así como fotografías nas que se aprecie de maneira concreta o elemento ou elementos obxecto da actuación.

c. Certificado de eficiencia enerxética do inmovible existente obtido considerando realizadas as actuacións previstas no proxecto, suscrito por persoa técnica competente, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o empregado para o certificado enerxético da situación actual, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a concesión da axuda. Con este certificado adxuntaranse os arquivos de cálculo (.xml, .cee, .hee, etc) xerados polo programa utilizado para a súa elaboración.

d. Contrato ou oferta firmada con orzamento da inversión desglosado por partidas, medicións e prezos unitarios e totais, con IVE desagregado correspondente e súa aceptación expresa por parte das persoas beneficiarias.

e. As tres ofertas de diferentes provedores conforme ao artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu caso. A elección entre as ofertas presentadas realizaranse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

f. Documentación acreditativa da representación suficiente para actuar en nome da persoa beneficiaria, en caso de que no coincida cos datos que figuran no REAT.

g. **Anexo VII** de declaración responsable de adecuación ao principio de «non causar prexuízo significativo», segundo o establecido no artigo 7.

h. Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) (**anexo VIII**).

i. Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) (**anexo IX**).

j. Certificado de conta bancaria de solicitante.

No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, a maiores da documentación sinalada nos apartados anteriores:

k. Anexo IV, de comprobación de datos das persoas partícipes e entidades nas obras e interesadas na subvención (deben presentarse tantos anexos como II como vivendas e locais partícipes e interesados na subvención se sinalen nos anexos correspondentes).

l. Anexo III, de certificado da persoa secretaria ou administradora do acordo da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme co disposto no art.5 da Lei 49/1960, do 21 de Xullo, sobre a propiedade horizontal, ou de asamblea da cooperativa, pola que se aproba a execución das obras de rehabilitación obxecto das axudas, onde conste o nombramento da persoa representante autorizada para solicitar a subvención, de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario adxuntar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración.

Neste caso, o solicitante deberá indicar en qué momento e ante qué órgano administrativo presentou ditos documentos, que serán obtidos a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de mediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados ó efecto, excepto que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa aportación.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 12. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a. DNI/NIE da persoa solicitante.
- b. DNI/NIE da persoa representante.
- c. NIF da entidade solicitante.
- d. NIF da entidade representante.
- e. Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- f. Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- g. Consulta de concesións pola regra de minimis.
- h. Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- i. Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social.
- j. Certificación de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

artigo 13 Órganos competentes

A Alcaldía do Concello de Quiroga será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponde á persoa titular do Concello ditar a resolución de concesión.

artigo 14 Instrución do procedemento

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, o Concello de Quiroga poderá requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

2. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

3. En caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda pero que non se inclúen na proposta anterior por esgotarse o crédito dispoñible, quedarán en reserva para seren atendidas, se é o caso, ben co crédito que quede libre debido á renuncia doutros solicitantes, á modificación dos proxectos inicialmente subvencionados ou ben por incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención.

Artigo 16. Audiencia

1. Instruído o procedemento, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada que será notificada ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas pola persoa interesada. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Artigo 17. Resolución

1. A resolución dos expedientes de axudas, logo da fiscalización da proposta, facendo uso do previsto no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, corresponde á persoa titular do Concello de Quiroga.
2. A resolución de concesión emitírase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita pola entidade que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. Tendo en conta que os requisitos para ser persoa beneficiaria desta axuda deben cumprirse antes da presentación da solicitude e que os compromisos asumidos pola persoa beneficiaria se recollen na presente resolución, non é necesaria a aceptación expresa da resolución regulada no artigo 21.5 da Lei 9/2007, ao terse aceptado coa presentación da solicitude.
4. prazo para resolver e notificar a resolución das axudas será de 3 meses desde a presentación da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

Artigo 18. Réxime de recursos

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a. Recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do dito recurso.

- b. Recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 19. Publicidade

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no Boletín Oficial Provincial a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, será aplicable o réxime de publicidade establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As persoas interesadas poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións, que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo, a solicitude para ser persoa beneficiaria da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, as persoas solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorra algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 21. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, estas notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica do Concello de Quiroga. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. Estas notificacións complementarias entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fora posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 22. Modificación da resolución de concesión

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, as persoas beneficiarias poderán solicitar a modificación do seu contido antes de que remate o prazo para a realización da actividade.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non se danen os dereitos de terceiras persoas. En todo caso, a modificación da resolución de concesión deberá respectar o obxecto da subvención, as actuacións subvencionables e non dar lugar a actuacións deficientes e incompletas.

3. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. Xunto coa solicitude, as persoas beneficiarias deberán presentar unha memoria xustificativa, o orzamento modificado e a relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

5. acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular do Concello de Quiroga, logo da instrución do correspondente expediente en que se lles dará audiencia ás persoas interesadas nos termos previstos no artigo 15.

6. Cando as persoas beneficiarias da subvención poñan de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o establecido no artigo 14.1.m) da Lei de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar os dereitos de terceiras persoas.

Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime a persoa beneficiaria das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 23. Renuncia

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo normalizado correspondente, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a persoa titular do Concello ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da citada lei.

Artigo 24. Obrigas das persoas beneficiarias

Ademais das obrigas recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, as persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a. Realizar a totalidade das actuacións para as que se concedeu a axuda.

b. Comunicar de inmediato, incluso durante a tramitación da solicitude, á persoa beneficiaria correspondente que estea realizando a dita tramitación ou que lle concedera a axuda, calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

c. Cumprir o obxectivo e realizar a actuación subvencionada, de conformidade co proxecto presentado ou, se é o caso, co modificado coa autorización do Concello de Quiroga.

d. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

e. Permitirlle ao concello e/ou o IGVS a realización das inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida e as que se deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, «Regulamento do MRR», e demais disposicións que articulen o MRR e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

f. Adoptar as medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento, a través dun plan antifraude propio do concello ou mediante a adhesión ao Plan xeral de avaliación de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, especialmente no referido á canle de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude, no cumprimento do artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, o artigo 188 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ó Presuposto Xeral da Unión, e o artigo 7 da Orden HFP/1030/2021, de 29 de setembro.

g. Estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboan as subvencións.

h. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta deste pagamento, da operación, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O citado período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

i. Subministrar ao Concello de Quiroga, previo requirimento, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

j. Cumprir cos requisitos que figuran no Manual de imaxe do programa que estará dispoñible na web do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (<http://www.mitma.es>), así como o establecido en medidas de publicidade no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas.

k. As persoas beneficiarias deben cumprir coas obrigacións en materia de información, comunicación e publicidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) nº 2021/241, relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, sobre o financiamento da Unión Europea das medidas incluídas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados etc.), deberán incluír os seguintes logos:

- Emblema da Unión Europea.
- Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea-Next- GenerationEU».

Teranse en conta as normas gráficas do emblema da Unión e as cores normalizadas establecidas no anexo II do Regulamento de execución 821/2014. Pódese consultar a seguinte páxina web: <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e realizar descargas en: http://europa.eu/about-eu/basic-information/symbols/flag/index_es.htm. Todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público.

l. Cumprir na execución das actuacións subvencionables coa normativa ambiental comunitaria, nacional e autonómica e, en particular, co principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (DNSH polas súas siglas en inglés), respecto dos seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento (UE) nº 2020/852 (mitigación do cambio climático; adaptación ao cambio climático; uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños; economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos; prevención e control da contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo, e protección e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas).

m. Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, así como ás de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia e o Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar á Comisión Europea, á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), ao Tribunal de Contas Europeo, e cando proceda, á Fiscalía Europea a exercitar os dereitos que recoñece o artigo 129, punto 1, do referido regulamento financeiro.

n. As demais obrigas que derivan desta resolución, do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro; da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, así como a normativa da Unión Europea aplicable para a certificación dos fondos europeos.

o. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento UE 2021/241, é preceptiva a conservación da documentación durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación. Este período será de 3 anos se a financiación é de un importe inferior ou igual a 60.000 euros (prazos e importe aplicables por remisión normativa ao artigo 132 do Regulamento Financiero).

Artigo 26. Xustificación da subvención

1. As persoas beneficiarias das axudas quedan obrigadas a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento en virtude do establecido na resolución de concesión que lles foi notificada. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento subvencionable, a subvención será minorada na mesma proporción. En calquera caso, a persoa beneficiaria deberá xustificar unha porcentaxe mínima do 30 % do investimento subvencionable; de non acadarse ese mínimo, enténdese que non se lograron os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, determinarase a perda do dereito a cobrar a subvención concedida. Se a xustificación é superior ao 30 %, pero sen acadar o 100 % do investimento subvencionable, percibirase a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificable admisible, sempre que se cumpra o resto das condicións de concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se concedeu a axuda.

Os gastos xustificables deberán ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas polo Concello de Quiroga na resolución de concesión da subvención e responder, de xeito indubidable, á natureza da actividade subvencionada.

O investimento xustificable deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas.

2. A solicitude do pagamento efectuarase a persoa beneficiaria a través de medios electrónicos e con anterioridade a que remate a data límite a que se refire o número 1, mediante a presentación do anexo IX.

3. Á dita solicitude xuntaráselle a documentación xustificativa do investimento requirido. A Administración poderá, excepcionalmente, requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 28.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polas persoas beneficiarias, porao no seu coñecemento e concederalles un prazo de 10 días para a súa corrección. Os requirimentos de emenda serán notificados segundo o establecido nas presentes bases reguladoras.

Igual requirimento se efectuará no suposto do resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de facenda, así como a verificación do DNI do solicitante (persoa física) e do representante da persoa xurídica e o NIF do solicitante (persoa xurídica), ou cando como resultado da comprobación se obteña un resultado negativo na comprobación de causas de inhabilitación para recibir subvencións ou axudas, tendo neste caso o solicitante que achegar as correspondentes certificacións ou documentos.

No suposto de que transcorra o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado documentación ningunha, requirirase igualmente a persoa beneficiaria para que, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá a persoa beneficiaria das sancións que conforme a lei correspondan

Artigo 27. Pagamento da axuda

As axudas concedidas provisional e definitivamente serán aboadas ás persoas e ás entidades beneficiarias, unha vez que o Concello certifique a finalización das obras e que o Instituto Galego de Vivenda e Solo emita o documento de cualificación definitiva.

O Concello xustificará os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións estatais, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificacións deberán realizarse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS nun prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificable teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

O ingreso farase efectivo por transferencia bancaria no número de conta que ó efecto indicou o interesado no momento de presentar a documentación.

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán achegar:

- a) Certificado da titularidade, sempre a nome do beneficiario, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificación acreditativa e expedida pola respectiva administración de estar ao corrente dos pagamentos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co concello (que acadará o propio concello).
- c) Declaración responsable de que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 29. Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas

1. Será causa de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos nos artigos 37 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) O incumprimento das obrigas recollidas no presente Anexo I.
- b) A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.
- c) O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, así como o incumprimento de calquera outro aspecto da normativa que estea vinculada ao PRTR, conforme o artigo 7.sétima da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamento do Estado estableza outro diferente.
- d) O incumprimento do principio de DNSH e/ou da etiquetaxe climática.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, se é o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 31. Réxime de infraccións sancións

1. As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para estes efectos, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento, e en función do seguinte:

- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención: reintegro do 100 % da axuda concedida.
- b) Non dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento nos termos establecidos no artigo 23 durante o período exixido de mantemento do investimento: reintegro do 2 % da axuda concedida.
- c) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desta mesma lei e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable, e non recollido nas epígrafes anteriores: reintegro de ata o 100 % da axuda concedida.

3. O non cumprimento do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no sentido do artigo 8, punto 1.e), da Orde HFP/1030/2021, do 28 de setembro, dará lugar á devolución total da subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

4. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

5. As cantidades que teñan que reintegrar as persoas beneficiarias terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto no artigo 14.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na normativa comunitaria de aplicación.

6. De conformidade co previsto no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a persoa beneficiaria poderá realizar a devolución voluntaria de cantidades indebidamente percibidas mediante ingreso na conta habilitada da Facenda pública galega. O importe da devolución incluírá os xuros de demora. No documento de ingreso deberán identificarse o número do expediente, o concepto da devolución e o nome e NIF da persoa beneficiaria. Unha vez ingresado, deberase comunicar ó Concello de Quiroga a devolución voluntaria realizada.

Artigo 32. Seguimento, control e comprobación

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, o Concello de Quiroga, antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o cumprimento do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no sentido do artigo 8, punto 1.e) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

2. Ademais, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

3. O Concello de Quiroga realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados na resolución. O persoal encargado da verificación redactará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentará ao órgano competente xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

Artigo 33. Análise de riscos de conflito de intereses

O presente procedemento de subvención, na medida en que é un procedemento de execución do PRTR, está suxeito á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses previsto na disposición adicional centésimo décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses neste procedemento está baseada na ferramenta de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA ou a que a substitúa no futuro, de acordo co previsto no artigo 4 da Orde HFP/55/2023. A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, en que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de intereses entre as persoas a que se refire o artigo 3.1.b) da Orde HFP/55/2023 e os participantes en cada procedemento. Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterà, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas a que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) nº 241/2021, do 12 febreiro, contidas nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos colexios de notarios e rexistradores. En todo caso, os resultados da análise realizada quedarán rexistrados no sistema de información de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para os efectos das posibles auditorías específicas sobre conflito de intereses que se leven a cabo ex post no ámbito da estratexia de auditoría que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado como autoridade independente de auditoría, acordada coa Comisión Europea.

No suposto de que o resultado da análise de risco de conflito de intereses determine a detección de unha ou de varias bandeiras vermellas, seguirase o procedemento previsto na alínea b) do artigo 5 e artigo 6 da Orde HFP/55/2023.

No suposto de que o resultado da análise de risco de conflito de intereses determine a detección de unha ou de varias bandeiras negras pola inexistencia de información sobre risco de conflito de intereses para un ou varios solicitantes, por tratarse dunha entidade ou entidades sobre as cales a ferramenta non dispoña de datos, aplicarase o procedemento previsto na alínea c) do artigo 5 e no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Simultaneamente, o órgano de concesión da subvención poderá solicitar ao solicitante ou solicitantes afectados pola bandeira negra a información da súa titularidade real. Esta información deberá achegarse no prazo de cinco días hábiles desde que se formule a solicitude de información. Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de intereses, indicando, en lugar do solicitante, os titulares reais recuperados polos órganos de contratación.

A falta de entrega da información requirida no prazo indicado será motivo de exclusión do procedemento en que estea participando, de acordo co establecido no número 3 do artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro.

Artigo 34. Medidas antifraude

1. As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Concello de Quiroga para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na

lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade responsable e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (CE) núm. 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (DOUE do 18 de febreiro).

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES).

3. Na loita contra a fraude, o Concello de Quiroga actuará de conformidade co Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E na ligazón <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Os Anexos normalizados para este procedemento administrativo poderanse obter a través dos seguintes medios:

- Na páxina Web oficial do Concello de Quiroga <https://concellodequiroga.sedelectronica.es/board/>
- Nas dependencias municipais situadas en Rúa Caurel s/n 27320 Quiroga-Lugo.
- No correo electrónico oficinaderehabilitacion.quiroga@eidolocal.es

R. 0747

O SAVIÑO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSCRICIÓN NAS PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL DO CONCELLO DE O SAVIÑO (Expte. 1609/2023).

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamacións, enténdese automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario deste Concello, de data 24/01/2024, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola inscrición nas probas selectivas de persoal do concello de O Saviño, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 31/01/2024 (BOP nº 026).

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para o seu xeral coñecemento. Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e estará a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica deste Concello: <https://concellodosaviniao.sedelectronica.gal>.

ORDENANZA N º 16 REGULADORA DA TAXA POLA INSCRICIÓN NOS PROCESOS SELECTIVOS DE PERSOAL DO CONCELLO DE O SAVIÑO

ARTIGO 1º.- Natureza e Fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co dispostonos artigos 20 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. este concello establece a taxa por participación nos procesos selectivos que convoque, que se rexirá pola presente ordenanza.

ARTIGO 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a participación en procesos selectivos que convoque o concello de O Saviño para o acceso á condición de persoal funcionario ou persoal laboral fixo, así como para a selección de persoal interino ou temporal e bolsas de emprego.

ARTIGO 3º.- Suxeito pasivo

Será suxeito pasivo da taxa quen solicite a participación nas probas selectivas que se convoquen.

ARTIGO 4º.- Devengo

1. A taxa devéngase no momento en que se solicite a inscrición.
2. Dita solicitude de inscrición non se tramitará en tanto non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos no artigo 7º desta ordenanza.

ARTIGO 5º.- Tarifas e cota tributaria

A taxa esixirase de acordo coas tarifas que a continuación se sinalan, que varían en función dos grupos de clasificación ou de titulación académica esixida en cada caso:

CONCEPTO	IMPORTE
Grupo A1 e asimilados (Licenciatura, Grado ou equivalente)	30,00 €
Grupo A2 e asimilados (Grado, Diplomatura universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou equivalente)	25,00 €
Grupo C1 e asimilados (Bachillerato, FP grado medio ou equivalente)	20,00 €
Grupo C2 e asimilados (Graduado en ESO, Graduado Escolar ou equivalente)	15,00 €
Outras agrupacións profesionais (sin requisito de titulación)	10,00 €

ARTIGO 6º.- Exencións e bonificacións

Estarán exentas do pago da taxa as persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 por 100. Sobre o particular, será esixible que a devandita minusvalía permita desempeñar as funcións da praza á que se opte. Este extremo deberá quedar acreditado por medio da documentación emitida en tal sentido pola Administración competente, que deberá adxuntarse á solicitude de participación no proceso selectivo.

Os suxeitos pasivos que acrediten a condición de desempregados durante o prazo, polo menos de 1 mes anterior á data da convocatoria do proceso selectivo no que soliciten á inscrición, disfrutará dunha redución nas tarifas do 50 por cento, debendo adxuntar á solicitude documento expedido polo órgano competente que acredite que cumpre os requisitos sinalados para a redución.

ARTIGO 7º.- Normas de xestión

1. A taxa xestionarase en réxime de autoliquidación.
2. No momento de presentar a procedente solicitude de inscrición nas probas selectivas, as persoas interesadas deberán achegar o xustificante bancario do ingreso da taxa que corresponda, de acordo co artigo 5º. O pagamento efectuarase dentro do prazo de presentación de solicitudes, na forma que se determine na correspondente convocatoria.
3. Non será tramitada ningunha solicitude de inscrición para participar nas probas selectivas que non tivera acreditado o pagamento da taxa.
4. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non se realice a actividade que constitúe o feito impositivo da taxa, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

ARTIGO 8º.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Saviñao, 15 de marzo de 2024. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0748

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente exponse ó público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles a ORDENANZA DE USO E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DE VIVEIRO aprobada a ordenanza

inicialmente polo Pleno da Corporación en data 6 de marzo de 2024. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

Viveiro, 14 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0749

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2024, POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

BDNS (Identif.): 750090

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/750090>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>).

Primeiro.- Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións convocadas as asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de mulleres rurais e asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, todos eles legalmente constituídos e debidamente inscritos no rexistro público correspondente, así como as agrupacións de veciños (integradas como mínimo por 3 persoas), para a realización de inversións, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo deste modo a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

Os beneficiarios deberán ter o domicilio social na Provincia de Lugo. No caso das agrupacións sen personalidade xurídica, cada un dos membros da mesma deberá ter a súa residencia na provincia de Lugo o que se acreditará co domicilio que conste no DNI ou, no seu caso, certificado de empadramento.

2. Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios.

3. Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Nestes supostos a agrupación debe ter unha conta bancaria mancomunada na que consten como mínimo tres persoas integrantes da mesma. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS e nos artigos 35 e 63 da LSG.

-Requisitos:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións, as entidades que se atopen na situación que fundamenta a súa concesión e nas que non concorra ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da LSG e nos artigos 11 e 13 da LXS. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, cada un dos integrantes da mesma deberá cumprir con estes requisitos da LSG e LXS.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable á concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios? ano 2024 para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) coa finalidade de contribuir a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Terceiro.- Bases reguladoras

A ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva del Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios? ano 2024.

http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/cooperacion_concellos/plans_especiais/2024

Cuarto.- Contía e importe máximo

1. O Importe das subvencións a conceder, por entidade solicitante, estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÁXIMO	IMPORTE MÍNIMO
6.000,00 €	1.000,00 €

2. A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% do custo da actuación subvencionada deberá ser financiada polo propia entidade beneficiaria.

3. En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. Soamente se concederá unha axuda por entidade solicitante.

6. As entidades beneficiarias dunha subvención por importe de igual ou superior a 3.000 € poderán solicitar o aboamento anticipado de ata o 50% do importe da subvención, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso realizaranse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, ter sido declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Lugo, 15 de marzo de 2024.- O presidente, P.D.Decreto de data 04-07-23, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 0765